

Comisión de Enxeñería Informática

Reunión do 20 de xullo de 2022

A comisión de Enxeñería Informática reúnese en 2ª convocatoria, ás 9:15 en sesión telemática, coa asistencia dos seguintes membros:

- David E. Losada Carril
- Juan C. Pichel Campos
- Eduardo Sánchez Vila
- Julia González Álvarez
- José Ramón Ríos Viqueira
- Manuel Lama Penín
- M. Carmen Palacios

Orde do día:

1. Análise do desenvolvemento do novo plan de estudos do GrEI.
2. Discusión propostas cambios normativos TFG.
3. Informar modificación guía docente curso 2022/23.

Acordos:

1. Análise do desenvolvemento do novo plan de estudos do GrEI.

O coordinador do GrEI mostra os resultados e a análise das enquisas de cargas de traballo correspondentes o plan novo no curso 22/23. Previamente, informa de como se desenvolveu o curso, explicando en maior detalle os problemas trasladados polos representantes dos estudantes de 3º curso no referente a carga de traballo do 2º cuadrimestre así como o número de entregas, e as medidas adoptadas no transcurso do curso (charlas individuais cos/cas coordinadores/as dalgunhas materias e reunión con todos/as os/as coordinadores/as de materias de 3º curso – segundo cuadrimestre).

*Tras a análise dos datos, os membros da comisión concordan en que **existe un problema claro e localizado coa carga de traballo en 3º curso**. Así, por exemplo, existen materias que sendo de 4.5 ECTS, segundo a estimación dos estudantes, chegan a case triplicar a carga que reflicte a memoria do título.*

Os acordos que se reflexan nesta acta non serán executivos ata a súa ratificación posterior polo órgano competente (Comisión Permanente, Xunta de Escola, etc.)

Por unanimidade, a comisión decide trasladarlle os coordinadores das materias de 3º curso – segundo cuadrimestre os resultados das enquisas, solicitándolles un cambio no deseño e planificación das materias para o curso 22/23 que permita adecuar a carga de traballo o estipulado na memoria do grao. Un dos factores que afectan directamente a elevada carga de traballo semanal e o gran número de entregas. Deste xeito, desde a comisión se lles solicita os/as coordinadores/as que consideren unha posible redución destas.

2. *Discusión propostas cambios normativos TFG.*

A presidenta da comisión de TFG quere trasladar para a súa discusión na comisión de título, dúas propostas que afectan o regulamento do TFG no GrEI:

1. *Eliminación do anteproxecto: desde a comisión indican que a presentación de anteproxectos complica moito a súa xestión, tanto por parte da secretaría da ETSE como na propia comisión de TFGs que debe revisar todos os anteproxectos. Realizouse unha análise daquelas escolas de Informática de referencia, e chegouse a conclusión de que en ningunha existía o anteproxecto. A proposta da comisión de TFGs e eliminar completamente a obrigatoriedade de presentar anteproxecto, ou ter que presentar este pero só o titor ou titores darían o visto bo ao documento. JR di que non está dacordo coa eliminación completa, e que debe haber algún documento que se poida chequear, como no caso das propostas de TFGs. ML comenta que debería haber un anteproxecto pero moito máis reducido, que recolla basicamente o obxectivo principal e os obxectivos secundarios do TFG. DL comenta a necesidade de reducir ao máximo os trámites. DJCP comenta que esta última opción permite manter a flexibilidade dos chamados TFGs propiciados, nos que o estudante fala directamente co seu titor sen acudir a convocatoria de asignación. Esta última proposta é aceptada pola comisión do GrEI, de xeito que ese novo documento cos obxectivos substitúa ao anteproxecto (nos mesmos prazos), pero que non pase xa pola comisión de TFGs, senón que vaia directamente á secretaría.*
2. *Defensa do TFG ante o titor: desde a comisión de TFGs indícase que esta modalidade está recollida na normativa da UCS e xa hai varias titulacións que o puxeron en marcha. Permita facilitar a organización e redución dos tribunais de defensa (na actualidade moitos docentes teñen que repetir no mesmo curso) e permite a estudantes con necesidades especiais ou outros casos, defender o seu traballo nun entorno máis discreto. Apróbase esta proposta limitando a unha nota máxima de 7.5 a defensa diante do titor académico. Do mesmo xeito, proponse aumentar a un mínimo de 7/8 TFGs o número de traballos por tribunal, co obxectivo de reducir o número de tribunais e aumentar o período entre tribunais de defensa para os/as docentes.*

Os acordos que se reflexan nesta acta non serán executivos ata a súa ratificación posterior polo órgano competente (Comisión Permanente, Xunta de Escola, etc.)

3. Informar modificación guía docente curso 2022/23.

Infórmase sobre a modificación da guía docente da materia Computación Ubicua para o curso 22/23 que quedará pendente para a súa aprobación nunha Xunta de Escola posterior.

Ás 11:28 remata a comisión.

Juan C. Pichel
Coordinador do GrEI